



Servizo: Xestión de Plans
Sección de Plans Provinciais

A Coruña 01/12/2016
Referencia: MSF-RDE Plans Provinciais
Circular de aprobación das Bases reguladoras do
POS + 2017 (Plan único de concellos)

**ALCALDÍA DO CONCELLO DE
Cabanas**

**CIRCULAR SOBRE A APROBACIÓN DAS
BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN
ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL
(PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
“POS+ 2017”**

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, con data 25 de novembro de 2016, aprobou as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2017", que se destina aos 93 concellos da provincia. O texto íntegro das bases figura na páxina web desta deputación e publicouse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 226, do 29 de novembro de 2016.

O POS+ 2017 é un Plan de cooperación cos concellos que introduce importantes novidades en relación cos Plans dos anos anteriores coa finalidade de racionalizar e obxectivar a colaboración desta deputación cos concellos da provincia, facilitar a planificación da súa actividade, simplificar as tarefas administrativas, dar resposta ás necesidades concretas de cada concello, reforzar a súa autonomía e responsabilidade e contribuír á redución do seu endebedamento cos provedores e coas entidades financeiras.

Para a consecución destas finalidades, refúndense no POS+ 2017 (Plan único de concellos) tanto o tradicional POS, como os plans especiais destinados á cooperación local para a realización de investimentos financeiramente sostibles ou á concesión de préstamos aos concellos sen intereses para a amortización de débeda financeira e, no seu caso, investimentos, así como once liñas de subvencións destinadas a investimentos e actividades que se detallan na Base 2. Deste xeito, é importante salientar que para que o concello continúe realizando estas actividades e investimentos, deberá consignar nos seus orzamentos as cantidades que ata agora financiaba esta deputación con subvencións finalistas.

Este Plan consta de tres tipos de achega provincial ("achega provincial 2016", "achega provincial 2017" e "préstamo provincial 2017") que se destinarán aos distintos obxectos descritos na Base 2 en función da súa natureza, tal e como se indica máis adiante. As cantidades asignadas a ese concello para cada un destes tipos de achega, de acordo cos criterios obxectivos sinalados na Base 4.1, son as que figuran na seguinte táboa. Ademais, o Plan ten carácter dinámico no sentido de que no ano 2017 poderá incrementarse a achega provincial se a deputación así o acorda, o que se lle comunicaría máis adiante.

CONCELLO	Cabanas			
ASIGNACIÓN POS+ 2017	Achega provincial 2017	Achega provincial 2016	Préstamo provincial 2017	TOTAL
	182.691,70	112.425,66	120.857,59	415.974,95

Non obstante, dado que aínda se descoñecen as posibilidades de financiamento desta deputación, o POS+ 2017 concíbese co carácter de "Programación preventiva de actuacións", suxeita polo tanto a revisión unha vez cofecidas as fontes do seu financiamento e, en consecuencia, o Plan que poida aprobarse pola deputación poderá ser o resultado de reprogramacións de importes ou anualidades, consonte ao criterio de prioridade previsto na Base 6.

No POS 2017+ os obxectos que poden solicitar os concellos con cargo aos distintos tipos de achega provincial destinados ao financiamento deste Plan son os que a continuación se detallan, debido a que, por unha banda, a "achega provincial 2016" procede do superávit orzamentario da deputación, polo que o seu destino debe cumprir os requisitos fixados para os investimentos financeiramente sostibles na disposición adicional decimosexta da Lei reguladora das facendas locais; e por outra banda, o "préstamo provincial 2017" destinarase prioritariamente á redución do endebedamento do concello con entidades financeiras.

POS+ 2017		
TÁBOA COS TIPOS DE ACHEGA PROVINCIAL E POSIBLES OBXECTOS PARA CADA TIPO		
ACHEGA PROVINCIAL 2017 (32.500.000,00 €)	ACHEGA PROVINCIAL 2016 -superávit- (20.000.000,00 €)	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2017 (21.500.000,00 €)
Pago a provedores	Pago a provedores	
Gastos correntes		
Obras ou subministracións	Obras ou subministracións financeiramente sostibles	Obras ou subministracións
Honorarios de redacción de proxectos		
Achegas municipais para investimentos incluídos noutros Plans, Programas ou Convenios	Achegas municipais para investimentos financeiramente sostibles incluídos noutros Plans, Programas ou Convenios	
		Redución da débeda do concello con entidades financeiras

Unha das novidades máis salientables deste Plan consiste en que os concellos deberán destinar, obrigatoriamente, a cantidade asignada como "achega provincial 2016" e "achega provincial 2017", por esta orde, ao pago das súas débedas con provedores cando o período de pago das súas facturas de importe igual ou superior a 100,00 euros exceda en máis de tres meses o período de pago establecido no RD 635/2014. As cantidades restantes destas achegas 2016 e 2017 poderán destinarse, sen ningún límite, a calquera dos restantes obxectos que se indican nesta táboa para cada tipo de achega, tendo en conta que os investimentos que se realicen con cargo á "achega provincial 2016" deberán ser, en todo caso, investimentos financeiramente sostibles.

Non se poderá destinar ao pago de provedores o "préstamo provincial 2017", que unicamente se poderá aplicar, en primeiro lugar, á redución de débeda do concello e despois á realización de investimentos.

Nas bases regúlase tamén o financiamento, a documentación que se ten que presentar, a contratación, a execución das obras e o pago da achega provincial.

O pago dos investimentos e dos honorarios de redacción de proxectos financiados con cargo a este Plan realizarase á vista das certificacións de execución de obras ou facturas das subministracións e dos honorarios aprobadas polo órgano municipal competente. Nos demais obxectos deste Plan, esta deputación transferiralle ao concello, con carácter prepagable, o financiamento solicitado e debidamente aprobado. Na Base 9 detállase para cada tipo de obxecto a forma de pago.

Lémbrolle que, de acordo co disposto nas Bases reguladoras do POS+ 2017, para a elaboración deste Plan ese concello deberá ter en conta a "ficha municipal" cos datos dese concello que constan na "Enquisa de infraestrutura e equipamento local" (EIEL) e que figura na páxina web desta deputación.

A plataforma do POS+ 2017 ten as seguintes 8 convocatorias:

<p>POS+SOLICITUDE</p> <ul style="list-style-type: none"> Obrigatoria Anexos I- II (XI) 	<p>Deberán cubrirse obrigatoriamente os seguintes documentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Anexo I: Certificación do acordo plenario. - Anexo II: Memoria do Plan <p>(Só se solicita préstamo provincial)</p> <ul style="list-style-type: none"> - Anexo XI: Informe sobre o nivel de endebedamento do concello
<p>POS+PROVEDORES</p> <ul style="list-style-type: none"> Obrigatoria Anexo III Achega 2016 e 2017 (non préstamo) 	<p>O concello deberá presentar obrigatoriamente o seguinte documento cos datos das súas débedas con provedores nas condicións que se detallan na Base 2:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Anexo III: Informe coa relación de facturas pendentes de pago con provedores <p>(No suposto de que non houbera provedores con estas condicións, deberá igualmente presentarse este documento, consignando a cantidade de 0,00 € na columna da dereita da última táboa deste Anexo III "Resumo das débedas que se imputan aos capítulos II e VI do orzamento municipal")</p>
<p>POS+ GASTOCORRENTE</p> <ul style="list-style-type: none"> Opcional Anexo IV Achega 2017 	<p>No caso de aplicar achega provincial 2017 para o financiamento do gasto corrente do concello previsto para o exercicio 2017, deberá cubrirse o seguinte documento:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Anexo IV: Informe sobre a previsión dos gastos correntes do concello para o exercicio 2017 asociados ao funcionamento dos servizos públicos mínimos obrigatorios
<p>POS+ OBRASSUM</p> <ul style="list-style-type: none"> Opcional Proxecto e Anexos V-VI (VII-VIII) Achega 2016, 2017 e préstamo 2017 	<p>No caso de aplicar achega provincial 2017 ou préstamo provincial 2017, para o financiamento de investimentos, deberá realizarse unha entrada por cada investimento cos seguintes documentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Proxecto técnico da obra ou prego da subministración - Anexo V: Informe técnico sobre o investimento - Anexo VI: Informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos <p>No suposto de aplicar achega provincial 2016 para o financiamento de investimentos, terán que ser investimentos financeiramente sostibles e para cada un deles deberán cubrirse ademais os seguintes documentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Anexo VII: Memoria económica da Alcaldía sobre o investimento financeiramente sostible - Anexo VIII: Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención
<p>POS+HONORARIOS</p> <ul style="list-style-type: none"> Opcional Anexo IX Achega 2017 	<p>No caso de aplicar achega provincial 2017 para o financiamento de honorarios de redacción de proxectos, deberá cubrirse o seguinte documento:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Anexo IX: Informe da Secretaría sobre contratos adxudicados para a redacción de proxectos para cuxos honorarios se solicita financiamento
<p>POS+ACHEGAS</p> <ul style="list-style-type: none"> Opcional Anexos X (VII-VIII) Achega 2016 e 2017 	<p>No caso de aplicar achega provincial 2017 para o financiamento de achegas municipais a outros plans, programas ou convenios, deberá cubrirse o seguinte documento:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Anexo X: Datos de achegas municipais a outros plans, programas ou convenios <p>No suposto de aplicar achega provincial 2016, terán que ser para investimentos financeiramente sostibles e para cada un deles deberán cubrirse ademais, os seguintes documentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Anexo VII: Memoria económica da Alcaldía sobre o investimento financeiramente sostible - Anexo VIII: Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención
<p>POS+AMORTIZACIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> Opcional Anexo XII Préstamo 2017 	<p>No caso de aplicar préstamo provincial 2017 para reducir débeda do concello con entidades financeiras, deberá cubrirse o seguinte documento:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Anexo XII: Datos da débeda con entidades financeiras a reducir con cargo ao préstamo provincial 2017



<p>POS+COMPLEMENTARIO</p> <ul style="list-style-type: none">• Obrigatoria• Proxecto e Anexos V-VI- VII-VIII	<p>O concello deberá obrigatoriamente solicitar no Plan Complementario investimentos financeiramente sostibles por un importe total mínimo do 20% da suma dos tres tipos de achega provincial asignada, para o que deberán cubrirse os seguintes documentos realizando unha entrada por cada unha dos investimentos financeiramente sostibles:</p> <ul style="list-style-type: none">- Proxecto técnico da obra ou prego da subministración financeiramente sostible- Anexo V: Informe técnico do investimento financeiramente sostible- Anexo VI: Informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos- Anexo VII: Memoria económica da Alcaldía sobre o investimento financeiramente sostible- Anexo VIII: Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención
---	--

Non se teñen que cubrir necesariamente as 8 convocatorias, senón só as que son obrigatorias (POS+SOLICITUDE, POS+PROVEDORES e POS+COMPLEMENTARIO) e as demais que opcionalmente decida solicitar o concello.

TRAMITACIÓN TELEMÁTICA

A tramitación do POS 2017+ será totalmente telemática, desde a solicitude ata a xustificación e pago, a través da plataforma SUBTEL dispoñible na páxina web da deputación (www.dacoruna.gal). **O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o 12 de decembro de 2016 e rematará ás 14.00 horas do 24 de febreiro de 2017.**

Cando o concello entra na plataforma SUBTEL, ábrese unha pantalla denominada "SOLICITUDES" e na pestana "PENDENTES DE PRESENTACIÓN", estará creado de oficio o expediente referido á convocatoria POS+SOLICITUDE 2017 e deberá subir nela a documentación requirida, facendo posteriormente a presentación telemática pinchando no botón "Presentar" e seguidamente no botón "Asinar e enviar".

Para o resto das convocatorias, o expediente non está creado de oficio, polo que concello terá que crear a solicitude correspondente realizando na pantalla denominada "SOLICITUDES" as seguintes actuacións:

- Pinchar na pestana "PENDENTES DE PRESENTACIÓN"
- Pinchar no recadro azul que pon "+NOVA SOLICITUDE"
- Pinchar, dentro de "CONCELLOS" no recadro azul que pon "Mostrar programas"
- Seleccionar a convocatoria da que quere crear a solicitude
- Completar a documentación requirida pola dita convocatoria
- Facer a presentación telemática por cada convocatoria pinchando o botón "Presentar" e seguidamente o botón "Asinar e enviar".

Logo da presentación telemática de cada convocatoria recibirá unha mensaxe de confirmación da presentación, polo que o concello xa poderá consultar a solicitude presentada dentro da pestana "PRESENTADAS".

Dado que o POS+ 2017 supón importantes cambios con respecto aos anos anteriores relativos ao financiamento, obxectos e trámites, está previsto que esta deputación organice unha xunta informativa cos concellos, o que se lle comunicará proximamente.

Sen prexuízo disto, para calquera dúbida ou aclaración administrativa poden dirixirse á Sección de Plans Provinciais desta deputación:

Teléfono: 981 080 754

FAX: 981 080 346

Correo electrónico: pos.xestion@dacoruna.gal

Para dúbidas informáticas poden dirixirse ao Centro de atención aos usuarios desta deputación:

Teléfono: 981 080 555

Correo electrónico: soporte@dacoruna.gal

O presidente

Valentín González Formoso

Deputación provincial da Coruña
Avenida Porto da Coruña 2
15003 A Coruña

Tel: 981 080 754
Fax: 981 080 346
xestion.plans@dacoruna.gal

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Xestión de Plans. Sección de Plans Provinciais

Aprobación das bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2017"

ANUNCIO

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar o vinte e cinco de novembro de dous mil dezaseis (25/11/2016), acordou a aprobación do asunto que deseguido se menciona:

APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) " POS+ 2017 "

1.- DENOMINACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA

O presente "Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2017" é un Plan propio da Deputación Provincial da Coruña para o exercicio 2017 destinado aos 93 concellos da provincia, que se elabora no marco do previsto no artigo 36.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (BOE núm. 80, do 3 de abril), tendo en conta as modificacións introducidas pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local (BOE núm. 312 do 30 de decembro de 2013) e nos artigos 32 e 33 do Real decreto lexislativo 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (BOE núm. 96 do 22 de abril), no que se regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente o dito Plan en colaboración cos concellos da provincia.

O Plan finánciase previsiblemente coas seguintes achegas e préstamos provinciais:

- Cunha "**achega provincial 2017**" por importe de 32.500.000,00 €, que podería incrementarse se esta deputación así o acorda, e ademais coas achegas que voluntariamente realicen os concellos para completar o financiamento dos investimentos, posto que nos últimos anos a Administración Xeral do Estado non realizou achegas aos Plans provinciais elaborados polas deputacións provinciais.

En principio, pártese de que nas partidas 0430/4592/46201 e 0430/4592/76201 do orzamento provincial para o exercicio 2017, ou nos expedientes de modificación de créditos que se poidan aprobar ao longo dos anos 2017 ou 2018, vaise consignar a cantidade de 32.500.000,00 € para o financiamento desta achega provincial 2017 ao Plan.

- Cunha "**achega provincial 2016**" por importe de 20.000.000,00 € que se consignou no orzamento provincial 2016 na partida 0430/4599/76201, a través do expediente de modificación de créditos 4/2016.
- Cunha achega provincial denominada "**préstamo provincial 2017**" por importe de 21.500.000,00 €, que previsiblemente se vai consignar no orzamento provincial 2017 na partida 0430/9434/82120, coa finalidade de realizar préstamos aos concellos da provincia sen xuros, con dous anos de carencia e cun prazo de devolución durante 10 anos a partir do ano 2019, nos meses de xuño e novembro, prorrogable mediante Resolución da Presidencia.

Con isto, o importe total das achegas e dos préstamos provinciais destinados ao financiamento do **POS+ 2017 ascende a 74.000.000,00 €**, desagregado como deseguido se indica:

Achega provincial 2017	32.500.000,00 €
Achega provincial 2016	20.000.000,00 €
Préstamo provincial 2017	21.500.000,00 €
TOTAL	74.000.000,00 €

Pero dado que aínda se descoñecen as posibilidades de financiamento desta deputación para o orzamento 2017, o POS+ 2017 concíbese co carácter de "Programación preventiva de actuacións", suxeita polo tanto a revisión unha vez

Plan único Diputación 2017

Achega provincial 2017: 182.691,70 €

Ampliación da rede de saneamento en Lavandeira.....	44.821,29 €
Travesía do Oito, Camiño dos Limpadoiros, Travesía e Camiño de Teloi..	46.140,41 €
Gastos Correntes	91.730,00 €
están incluídos nos orzamentos do 2017	
Suma a cantidade de	182.691,70 €

Achega Provincial 2016: 112.425,66 €

Conexión rede Saneamento a Veiga - Batán II fase... 112.425,66 €

Proxecto Plan complementario: Depuración e rede de saneamento no lugar de Valedoso a memoria esta na Cantidade 91.378,87 €

Préstamo Provincial 2017: 120.857,59 €

Temos que axustar para deixar entre 30 e 35.000,00 € para amortizar préstamo.

Reparación escola Laica Cabanas. 88.051,33 €

Valoración varios camiños rurais.

Acceso a Formarís 41.463,13 €

Escola Laica estou pendente de que me pasen cifras para cerrar o proxecto 1ª fase.

Camiño Val Dabaixo. 20.018,53€

Camiño Pudrical. 41.225,22 €

Camiño do Batán. 27.976,33 €

Travesía do Río. 5.903,81 €

Camiño da Veiga 1ª parte. 47.809,49 €